



**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA
CORPORACIÓN EN DATA 20 DE XULLO DE 2017.**

ASISTENTES:

ALCALDESA-PRESIDENTA:

D^a. María Loureiro García.

CONCELLEIROS:

D. Jesús Antonio Fernández Cal, D^a. M^a. Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández, D^a. Lara Fernández Fernández-Noriega, D. Emilio Villarme Méndez, D^a. María Soledad Rey Yáñez, D^a. María del Carmen Franco Díaz, D. Antonio José Bouza Rodil, D. Jaime Eduardo de Olano Vela, D. Celestino Valentín García Paz, D^a. M^a Jesús Vale López, D^a. María Cristina Goás Fernández, D. Manuel Galdo Dopico, D^a. Saray Blanco Canoura, D. Bernardo José Fraga Galdo e D. Marcos Besada Álvarez.

SECRETARIA XERAL

D^a. M^a Luz Balsa Rábade

INTERVENTOR (por delegación de firma)

D. Sergio Aguado Delicado

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as vinte horas e trinta minutos do día 20 de xullo de dous mil dezasete, reúnen-se, en primeira convocatoria, os Sres. Concelleiros citados anteriormente, ó obxecto de celebrar a sesión ordinaria do Pleno da Corporación, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, asistida de mín, que como Secretaria Xeral, certifico do acto do Concello.

Comprobado pola Secretaría a existencia do quórum necesario, declárase pola Sra. Alcaldesa aberta a sesión, polo que se procede a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.



1ª PARTE: **PARTE RESOLUTIVA**

1.- APROBACIÓN DA ACTA DAS SESIÓN DE 7 DE XUÑO DE 2017.

Non existindo obxección algunha apróbase por unanimidade a acta da sesión de data 07/06/2017.

2.- TRAMITACIÓN SOLICITUDE FASE XV PLAN DE REHABILITACIÓN CASCO HISTÓRICO EXPTE.- 4219/2017

Vista a proposta da Alcaldía para a tramitación da solicitude da Fase XV do Plan de Rehabilitación do Casco Histórico, que se transcribe a continuación:

“ASUNTO: SOLICITUDE DE PARTICIPACION NA PRORROGA DO PROGRAMA DE REXENERACION E RENOVACION URBANAS DO PLAN ESTATATAL DE FOMENTO DO ALUGAMENTO DE VIVENDA, A REHABILITACIÓN EDIFICATORIA E A REXENERACION E RENOVACIÓN URBANAS 2013-2016.

O pasado 30 de xuño de 2017, o Diario Oficial de Galicia , publicaba a Orde de 23 de xuño, pola que se procede a abrir o prazo para solicitar a participación na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, e se establecen as súas bases reguladoras e as das axudas autonómicas previstas para este programa.

*Este programa desenvólvese a través das **Areas de Rehabilitación Integral** declaradas na actualidade en 41 concello Galegos, entre os que se atopa Viveiro.*

O obxectivo desta convocatoria é a mellora do patrimonio construído e das condicións de vida dos veciños cun uso eficiente dos recursos que se achegan a través das axudas.

A materialización da participación do Concello terá lugar a través da formalización dun acordo específico entre o Ministerio de Fomento, a Comunidade Autónoma de Galicia a o Concello. Este acordo establecerá que o Concello actúe como entidade xestora do programa, fixará o financiamento máximo previsto para a respectiva ARI, así como o prazo en que o Concello deberá realizar as correspondentes convocatorias das axudas e os demais compromisos que deriven da prórroga deste programa.

*É por isto que, esta Alcaldía, **PROPON** ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo.*



PRIMEIRO.- *A solicitude de participación do Concello de Viveiro na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.*

SEGUNDO.- *Asinar o correspondente acordo específico. No que o Concello se compromete a actuar de entidade xestora.*

TERCEIRO.- *Facultar a Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida solicitude e cantos documentos se deriven da mesma, incluído o convenio anteriormente referenciado.”*

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión Informativa de Urbanismo, Infraestructuras, obras, Medio Ambiente e Medio Rural.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación do acordo proposto, do seguinte xeito:

PRIMEIRO.- *A solicitude de participación do Concello de Viveiro na prórroga do programa de rexeneración e renovación urbanas 2013-2016.*

SEGUNDO.- *Asinar o correspondente acordo específico. No que o Concello se compromete a actuar de entidade xestora.*

TERCEIRO.- *Facultar a Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida solicitude e cantos documentos se deriven da mesma, incluído o convenio anteriormente referenciado.*

3.- MODIFICACIÓN PUNTUAL DA RPT.

Visto o expediente tramitado para a modificación puntual da RPT no que respecta ao posto de técnico de urbanismo deste Concello.

Resultando que este asunto foi ditaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Persoal.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que este punto se aprobou por unanimidade na Comisión Informativa, na que se explicou que se xubila a técnico xurídico de urbanismo. Engade que se está a elaborar a nova RPT pero para poder sacar o proceso selectivo e esixir licenciatura precísase realizar esta modificación.

Non existindo máis debate procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación do acordo proposto, do seguinte xeito:



Primeiro.- Aprobar a modificación puntual da RPT do Concello de Viveiro respecto ao posto de técnico en urbanismo Subgrupo A2 por un subgrupo A1, sen modificación das retribucións complementarias. Este acordo de modificación debe ser publicado no BOP de Lugo segundo o establecido no TRRL.

4.- ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCIZO 2017.

Visto o expediente para a probación do orzamento xeral para o exercizo 2017, expte 3418/2017.

Resultando que este expte foi dictaminado favorablemente pola Comisión Informativa de Economía e Facenda.

Intervén a Sra. Alcaldesa para darlle a palabra ao concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, que intervén indicando que se presentan os orzamentos para o 2017. Este orzamento segue na liña de manter políticas de apoio tanto do ámbito social, como na educación, na cultura, no deporte e nun recurso importante para Viveiro como é o turismo, e tamén paralelamente ir reducindo a débeda municipal. Indica que este orzamento non se trae cando se está na metade do exercicio por capricho algún, nin por desidia, senón polas circunstancias da situación económica e coxuntural xeral. Sen presupostos estatais ata fai moi pouco, pois entraron en vigor o pasado 27 de xuño, sen presupostos da Xunta de Galicia ata febreiro, e tamén os da deputación de Lugo aprobados en marzo, facían imposible o cadrar as contas sen mermar servizos. (exemplo. Servizo no fogar de libre concurrencia, con 75.000 de desfase, ou sentenzas que foron chegando por devolución de impostos de licencias). No mes de abril adheriuse o Concello ás medidas da resolución do 29 de marzo do goberno de España sobre a modificación das condicións dos prestamos formalizados co fondo para a financiación dos pagos a provedores das entidades locais, polo que dende o 31 de maio de 2017 ata o 31 de marzo de 2020 terase un periodo de carencia de amortización. Engade que grazas tamén ao plan único da Deputación de Lugo pódense cubrir servizos e realizar obras. Engade que no mes de Setembro de 2016 xa se enviaron as liñas fundamentais deste presuposto ao Ministerio en aplicación da Lei Orgánica 2/2012. A mediados de decembro estaban case listos, pero non era fácil cadralos. Aproveita para felicitar á Interventora e ao técnico de servizos económicos por volcarse e facer o imposible para que hoxe se poideran traer ao pleno os orzamentos. Entende que este orzamento presentado é acorde coa situación real e actual do Concello e grazas ao esforzo de tódolos veciños e veciñas pódense continuar atendendo os servizos demandados. Procede a realizar un resumo detallando o contido principal destes orzamentos tanto en gastos como en ingresos.

Sinala que conta cun importe superior ao 2016, nun 4%, acadando un orzamento total de 13,783,569,40. Este incremento duns 609.000 euros ven dado en parte polo maior importe na Participación dos Tributos do Estado así como polo Plan Único. Indica que



nos gastos se computan varias sentenzas como a de Nicolás Cora, porque non chegou o Remanente de Tesourería do 2016. Indica que o gasto de persoal inclúe o 1% que aprobou o Estado, tamén se inclúe o programa Depuemprego da Deputación con máis de 60.000 euros, con 7 empregados.

O capítulo II acada un 43,52% do orzamento. Unha parte importante do aumento neste capítulo correspóndese ás indemnizacións por setenzas xudiciais, incluíndose tamén abastecemento de auga, alumeado, axuda no fogar, etc...

Séguese amortizando, aínda que o concello se acolleu á carencia do Estado, realízase máis dun millón de euros de amortización. Indica que se está dentro do límite da débeda esixida pola lei, aínda que para novos préstamos habería que pedir autorización á Xunta de Galicia.

En transferencias correntes auméntase o importe por obrigas pendentes da UNED.

Respecto a devolución de ingresos indebidos prevense as devolucións por ICIO debido ao último cambio de xurisprudencia.

Nos capítulos VI e VII consta a chega do Plan Único da Deputación de Lugo, no que se establecía adicar o 50% do seu importe a obras.

Os ingresos prevense en función dos dereitos recoñecidos e non se incrementaron impostos nin se modificaron as ordenanzas fiscais. O IBI segue no 0,72%; houbo unha merma de ingresos duns 100.000 euros, xa que o ano pasado houbo unha liquidación de anos anteriores. As taxas e os prezos públicos son similares ao 2016, incorporándose o padrón de caixeiros automáticos.

No capítulo IV os ingresos aumentaron uns 300.000 euros debido ao incremento na participación nos tributos do Estado e ao Plan Único da Deputación.

Os créditos previstos son suficientes para atender ás obrigas do concello de Viveiro, recomendándose por intervención manter a contención do gasto. Engade que o informe de Intervención é favorable, e cúmprese a regra de gasto e estabilidade, así como o periodo medio de pago.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P., D. Antonio Bouza Rodil, que manifesta que cando se trata de orzamentos a Sra. Alcaldesa sempre os trae fóra de prazo e sen negociación previa, polo menos co grupo do P.P., ademais de terse pedido que se adicara un pleno soamente aos orzamentos, o que parece que o grupo do P.S.O.E. non lle da importancia a este acordo posto que non cumpriu esa premisa. Engade que o orzamento ten que ir a pleno antes do 15 de outubro e aprobarse antes do 31 de decembro do ano seguinte, considerando que son uns pésimos xestiores. Fai un repaso ao momento nos que se presentaron ao Pleno os orzamentos de cada ano; orzamentos de 2014 en setembro de 2014, orzamentos de 2015 en xullo de 2015, orzamentos de 2016 en decembro de 2016, orzamentos de 2017 en xullo de 2017. Apunta así mesmo que neste ano, se se engaden os prazos precisos entrarán en vigor en setembro, cando deberían elaborarse xa os do 2018. Considera que se está ante unha xestión que non comparten, entendendo que non se deu a oportunidade a toda a oposición para realíalos, co que traen en cullo orzamentos den consensuar con parte da oposición, aínda que con outros sí, co que se ve cal é o seu talante. Engade que técnicamente están ben elaborados e recordan a outros tempos cando se traían en tempo e forma, polo que felicita aos técnicos, pero non están de acordo cos políticos. Sinala que sempre se



queixan dos gobernos autonómico e estatal, pero gracias a éste sacouse a Viveiro da bancarrota, polo fondo a provedores, as carencias do préstamo..., medidas que a diferencia doutros grupos o P.P. apoiou. Fai alusión a que outros cando estaban noutros grupos tachaban a xestión do equipo de goberno de pésima e agora apoiana aludindo a que la pela es la pela. Indica que en transferencias correntes o incremento obedeceu en parte ao aumento na participación nos tributos do Estado. Considera imposible falar co equipo de goberno porque non aceptan as propostas que se fan, pero aínda ve peor que enganen aos que negocian con eles, facendo referencia á baixada do 5% do IVTRM, que non se fixo efectiva porque non tiña os informes preceptivos, debendo primeiro valorar a viabilidade técnica e legal. O mesmo pasou coa baixada do 10% e aplicación da bonificación do 80% no polígono, o que amosa que non fixeron nada do que acordaron no 2015, e recomenda aos que negocian que leven un notario. Fai referencia a que no 2015 o grupo do P.P. facía unhas propostas, ás que se contestou nese momento pola Sra. Alcaldesa que se estudarían para o 2016, e procede ao seu relato. Así sinala, o que foi respostando a Alcaldesa no seu momento a cada proposta, entre outros aspectos indica os seguintes:

- Para a praza de electricista que estaba previsto para o 2016 e non se fixo, sacouse temporal polo Depuemprego.
- Para a petición de baixada do IBI que se podía estudar para o 2017 e non se fixo.
- Para a petición do plan plurianual para a rotura da traída de augas decían que custaba máis de 500.000 euros e que era imposible asumilo, polo que se plantexaría a outras administracións, plantexaron que tamén se pedise á Xunta e non consta que se fixeran negociacións nese sentido.
- Non plan de emprego presentaban 20.000 euros, que lles parecían pouco atractivos, e non se gastou nin un só euro porque as empresas non o pediron.
- Para a petición de crar unha comisión de axudas a colectivos, sobre a que presentou tamén unha moción o P.P. decían que se crearía para o 2016 e tampouco se fixo.
- A petición para o camiño do Rego dos Merlos xa sabían que non se podería facer.
- Para a petición do plan de conservación de pistas parroquiais mediante convenios coas comunidades de montes decíase que no 2016 se faría reunións e coas que contactaron non se falara nada.
- Pedíase polo grupo do P.P. tamén mellorar a conexión a internet e tampouco se fixo.
- Respecto ao plan de sinalización por fin fixeron caso e non hai moito que a Xunta outorgou 12.000 euros para a ruta do Penedo do Galo, e se se tivesen pedido antes estas axudas agora xa se poderían estar sinalizando outras rutas.
- Respecto ao viveiro de empresas decían que estaban abertos, e en novembro de 2016 foi rexeitada unha moción do grupo do P.P. porque entendía o equipo de goberno que aquel edificio tiña que ser para outras cousas, aludindo a que a Sra. Alcaldesa tamén o prometera para a centro de día.
- Respecto aos pozos de bombeo indica que xa quedou claro cales hai que pagar.
- Decía o grupo do P.P. tamén no seu momento que seguir pagando complementos de produtividade podía non ser legal e ademáis non resulta gratificante para os que cobran soldos de 900 euros.
- Para a petición que se facía da cobertura das prazas da policía local, electricistas tampouco se fixo.



Relatado este resume procede á lectura das propostas presentadas nese momento polo grupo do P.P. e resumidas con anterioridade.

Intervén o concelleiro D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para dicir que se hai algo ilegal se denuncie que terá o seu apoio. Indica que pola súa parte se tende a man ao equipo de goberno cando se considera que hai algo constructivo e se critica tamén cando hai que facelo. Considera que o acordo político entre os non adscritos e o P.S.O.E. para a aprobación dos orzamentos é un bo acordo, manifestando que con diálogo e entendemento é posible chegar a acordos. Resalta que este acordo cumpre con parte do seu programa electoral, que supón un contrato cos veciños. Recorda que o Sr. Bouza decía que o seu programa tamén coincidía en moitos aspectos e reslata que varios van neste acordo. Apunta que os orzamentos cumpren co nivel de endebedamento, a regra de gasto, estabilidade financeira, mantéñense os servizos e páganse as débedas. Recórdalle ao grupo do P.P. que aprobaron a prórroga do pago da débeda, que este ano aínda non se verá reflexado porque hai sentenzas que hai que pagar, veñan de quen veñan. Continúa a súa intervención indicando que lle parece un bo acordo porque Viveiro precisaba dunha casa da cultura, e repróchase ao Sr. Bouza non ter claro a que adicar o edificio, considerando bo un centro de día, pero tamén un viveiro de empresas. Respecto á sinalización de rutas indica que tamén estaba no programa doutros grupos. Pregúntalle ao Sr. Bouza que aclare a quen se refería cando dixo “la pela es la pela”. Manifesta que hai dous puntos que o P.S.O.E. non cumpriu do acordo que se tiña para o 2016, pero déronse as explicacións oportunas e foron aceptadas e entendidas, polo que consideran que se debe mirar polos intereses dos veciños, e baixada de impostos comprometida vaise facer para o 2018; o carril bici hai que valorar como debe ser e por onde debe ir; e apunta que para eles os notarios son os veciños de Viveiro.

Intervén D. Marcos Besada Álvarez, concelleiro de Son Viveiro, integrante do Grupo Mixto, para dicir que tras o cruce de ideas sobre os orzamentos non vai personalizar, indicando que hai que mirar hacia atrás e ver como varios anos se traen ao pleno fóra de prazo, aínda que é consciente que os orzamentos doutras Administracións teñen gran peso na administración local. Sinala que tal e como trasladou a Alcaldesa e o concelleiro de facenda en decembro como ían os orzamentos, agora entrérganos 10 días antes do pleno, pero houbo un prazo de seis meses nos que non se dixo nada. Indica que as súas circunstancias persoais e profesionais lle dificultan a labor política, que meteu a zoca varias veces pero resalta que foron os únicos que con un só concelleiro sacaron adiante unha moción que supuxo un incremento de ingresos, a moción da taxa dos caixeiros. Di sentirse doído e indignado por non telo en conta, así como aos seus compañeiros que veñen a escoitar todos os plenos. Considera bo que Viveiro se abra ao mar, etc. pero alude a que eles salientaban os impostos progresivos xa que entende que non debe pagar igual o que menos ten que o que máis ten. Engade que para axustar os orzamentos son precisas medidas, e hai un problema, como é o contrato de Cespa, e non ven nada reflexado nos orzamentos, para un custo de case un millónm de euros por ese servizo, non se prevé nada para baixalo; tampouco para o cambio de luminarias. Manifesta tamén sentirse sorprendido polos acordos que parece que dependen de aspectos como



por exemplo do valado do casino, as pistas deportiva, ou unha casda da cultura para o 2018, que non se sabe se vai poder facer porque se está a falar dos orzamentos do 2017. Recalca tamén que se está a contratar empresas privadas para a velutina por non ter dotados de medios aos traballadores municipai; tamén se refire a que hai unha partida moi baixa para medioambiente cando está a ría desembocando merda en moitos sitios, entendendo que o concello non pode mirar só polo turismo, senón que tamén hai que mirar por outros asuntos, e estase a depender sempre da Deputación e para os cidadáns de Viveiro non hai, só dan diñeiro para o turismo. Considera que houbo seis meses para poder postular todas estas ideas, pero non se deu a oportunidade, non téndoa tampouco nos medios de comunicación que nin sacan as notas de prensa que se envían. Sinala que os seus compañeiros de Son Viveiro xa teñen a súa renuncia como concelleiro, xa que entende que non merece a pena vir aos plenos. Renuncia así mesmo a cobrar as dietas deste pleno, entendendo que se ven a aprobar uns orzamentos para uns acordos que non serven para nada. Neste intre presenta á Sra. Alcaldesa a súa renuncia da acta como concelleiro, e levántase para sentarse no público.

Intervén a Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, para dicir que lle parece unha falta de respecto que se sente no público, xa que aínda segue a ser concelleiro.

Neste intre abandónase o pleno polo concelleiro D. Marcos Besada Álvarez, xunto con parte do público asistente.

Intervén a Sra. Alcaldesa para sinalar que se tiñan intención de colaborar, en vez de asistir ao pleno marcha, o que non parece moita lección de democracia. Dille ao grupo do P.P. que se hai intención de colaborar non se presenta un escrito na Comisión Informativa con 11 puntos de propostas, cando teñen os orzamentos entregados dende hai 15 días, xa que se entregaron con máis antelación que marca a lei. Respecto ao centro de día, casa da cultura...votouse a favor no pleno en ceder a Terras de Viveiro un local do edificio, falando incluso da sala de exposicións; o destino dese edificio está moi limitado. O centro de día ao que fixo referencia o Sr. Bouza era un centro privado nun edificio público, eu como Alcaldesa ensineilles o local simplemente, e pide que non se vaia á demagogia. Apunta que a creación da casa da cultura non supón máis gasto, xa que se atenderá con recursos propios do Concelo, non creándose novos empregos, pero hai que arranxar previamente o edificio debido ás condicións nas que foi entregado pola Xunta de Galicia. Resalta que non prometeu ese edificio a ninguén e que as acusacións hai que demostralas. Manifesta a inviabilidade de modificar uns orzamentos cos 11 puntos que presenta o P.P. a dous días do pleno, e recorda que o P.P. e Son Viveiro tamén podían negociar. Refírese a que o P.P. nun dos puntos pide a elaboración dun plan plurianual coa suficiente dotación orzamentaria e recorda que a Xunta de Galicia denegou unha subvención de infraestructuras de 120.000 euros e outra de 300.000 euros; a orde da subvención publicouse o 21, presentouse a solicitude aos 10 días e comunicouse que o 22 xa se esgotara o orzamento. Apunta a que gracias ao Plan Único da Deputación, ao que se abstuvo o P.P. na Deputación, vanse arranxar as roturas en Rego da Fonta en Celeiro, con case 200.000 euros; na estrada de Xunqueira a Magazos,



cuns arranxos que fixo viaqua de momento parece solventado o problema, pensando que o máis grave era afrontar Celeiro.

Intervén o Concelleiro de Facenda, que inicia a súa intervención aclarándolle ao Sr. Bernardo que cando o Sr. Bouza falaba de la pela es la pela era por él, indicando que se personaliza porque non se atopa outra arma defensiva. Engade que sempre se dixo que cando houberse dúbidas sobre algo se daba a información oportuna. Sinala que aos non adscritos ninguén os presionou para chegar a un acordo polo que lle di ao P.P. que non fai falta que os defenda. Di que o concello non son os Reis Magos nin Papa Noel, polo que tampouco se pode simplemente pedir, porque sen cartos non se poden facer cousas. Sinala así mesmo, respecto ao apunte feito polo concelleiro de Son Viveiro, que o concello non ten capacidade para poñer impostos progresivos, xa que é un tema estatal. No goberno o P.P. ao Concello de Viveiro non lle dá nin os bos días, chegando unha resolución o 11 de xullo que denega tres obras, e logo falan de transparencia cando non publicaron nin a lista de concellos que foron agraciados con esta subvención e que se supón podían ter información privilexiada. Fai referencia tamén a que o Sr. Jaime de Olano, respecto á praia de Covas dixo que se ía facer o trasvase en setembro de 2016, seguro que o dixo con toda a boa intención, que sería o que lle dixeran a él, pero logo entre os chiringuitos de Portos e Costas non se entenderon e vai cun ano de retraso, e agora querían facer en xullo, e incluso a maiores o presidente de Portos faltoulles ao respecto ao goberno municipal e aos veciños de Viveiro, cando veu dar un discurso. Refírese tamén ao problema das naves do Porto, dicindo que case as declararán BIC, así como aos problemas coa Vía de Alta Capacidade. Manifesta que os orzamentos da Xunta e do Estado tamén van con retraso. Alude a que xa está fartando tanto personalismo polo grupo do P.P. e indica que no Concello considera que ten máis que demostrado o desempeño e a dedicación ao seu traballo e ao Concello, e amósase encantado de ter o seu soldo, referíndose a que non tivo a sorte de poder estudar coma o Sr. Bouza, dicindo que hai que mirar hacia adiante non seguido hacia atrás, e que se veu a este pleno a falar duns orzamentos, que poden gustar ou non, e que a prórroga dos orzamentos tamén é unha forma legal. Entende que non sería moi factible este ano rematar o exercizo se non se aproban, e considera de gran relevancia a norma do Estado sobre a carencia á que se acolleu Viveiro, xa que doutr xeito para poder cadrar os números habería que adoptar medidas como por exemplo eliminar o SAF de libre concorrencia. Apunta así mesmo que o P.P. podía propoñer o que quixese, que logo podía aceptarse ou non, pero que está claro que con cartos se poden facer moitas cousas, sen eles non.

Intervén en representación do Grupo Municipal do P.P. D. Antonio Bouza Rodil, que procede a facer unha breve análise dos capítulos orzamentarios.

Respecto ao Capítulo I indica que o capítulo I supón o 38,10% do orzamento, uns cinco millóns de euros, subindo uns 28.000 euros respecto ao ano anterior. Resalta que Intervención indica que se debe dispor dunha RPT, que permitiría determinar as funcións do persoal, e que o goberno outorga productividades sen xustificar as causas obxectivas ou unha xustificación mínima o que supón un agravio comparativo, e pregúntase porque se ían facer a RPT a Deputación agora porque hai que gastar uns



20.000 euros cunha empresa de Vigo. De complementos non deixa de chamarlles a atención os 25.000 euros para a policía local, que no 2016 ascenderon a 80.000 euros, e que ata o mes de maio xa se levan pagando uns 35.000, polo que esa cifra resulta ficticia. Considera que se poderían eliminar eses complementos que levan os coordinadores na policía local, que non sabemos de onde se sacaron estes coordinadores e se eses dous señores teñen nomeamento e se o teñen se resulta legal.

Respecto ao Capítulo II considera que debería conterse o gasto, para non ter que recurrir ás modificacións orzamentarias que tanto lle gustan ao equipo de goberno.

Destínanse máis de 300.000 euros ás devolucíons de ICIO por sentenzas, o que indica que non se devolven en tempo e forma, obrigan a ir a xuízo para logo ter que pagar o principal máis os intereses e as costas. Isto indica que dispoñen de forma doada do diñeiro dos veciños, e estas sentenzas xa non poderán decidir que veñen do P.P. Pregúntase así mesmo se nesa partida van orzamentadas as reclamacións do piscinazo.

As axudas que se conceden polo Concello suben 17.500 euros. Correxido o erro no que se lles daba 5.000 euros de menos ao Clube de Fútbol, faltan sete entidades deportivas que sí tiveron axudas no 2016, que non se sabe porque quedan fóra; se se creara a comisión non habería agravios comparativos, cando a súa creación non acarrearía custo algún, pero ahí vese que non queren negociar, porque non cumpren os acordos.

Consígnanse 3.000 euros para xuventude, igual que no 2016; esta cifra indica o que lles preocupa este colectivo.

En órganos de goberno orzaméntanse uns 68.000 euros máis que en 2016. A diferenza ven dada por outras indemnizacións onde prevén 92.000 euros, que deberían explicar a que se deben.

O destino a inversións con fondos propios invirten pouco máis de 100.000 euros, xa que o resto procede do Plan Único. Indica que en Viveiro a administración que máis invirte é a Xunta de Galicia pero que o P.P. agradece todo o diñeiro que se destine a Viveiro, veña de onde veña. A inversión con fondos propios supón o 1% do orzamento, pero iso xa non pilla de sorpresa.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, que apunta, logo do acalorado debate deste pleno, a que na política o debate ten que ser sano e constructivo. Indica que Son Viveiro falou de que os acordos acadados non servíña apra nada, cando con parte deles tamén estaba de acordo, e considera que o acordo acadado debe ser moi bo, porque xerou moito debate. Resúltalle curioso que o P.P. fale de intereses e custos que supoñen as sentenzas do ICIO, cando tamén conlevaba intereses o plan de pago a provedores e daquela non o vían do mesmo xeito.

Intervén a Sra. Alcadesa dicindo que resulta inútil explicar porque non se escoita. Manifesta que o Concello de Viveiro destina 35.000 euros ao pago do bonobús aos estudantes e dille ao grupo do P.P. que cando alude ao que gastou a Xunta en Viveiro deberíase desglosar, indicando que por exemplo o arranxo da ponte se fixo con celeridade, pero que tamén se trata dun mantemento obriga da Xunta, e indica que cando o equipo de goberno fala do que a Deputación concede a Viveiro non ten en conta os gastos que son de obrigas da súa competencia. Alude a que a Xunta de Galicia só concede as axudas que concede a todos os Concellos, as que son por orde de entrada



non concede ningunha, e engade que por exemplo no PEIM concederan o ano pasado 80.000 euros e este ano 60.000 euros para dous anos. Chámalle a atención aos concelleiros D. Jasime de Olano Vela e D. Antonio Bouza Rodil por estar a falar durante a súa intervención.

Intervén D. Jaime de Olano Vela para decir que pide a mesma bara de medir para todos.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicirlle que non ten a palabra, e que lle apreze unha falta de respecto estar a falar durante outra intervención.

Intervén o concelleiro de facenda, que manifesta que as cantidades que dixo o Sr. Bouza xa as dixera él na súa intervención, pero parece que se predica en deserto, polo que non sabe que se segue a facer no pleno. Entende que hai que ter cara para dicir que a Xunta invertiu en Viveiro no 2016 catro millóns de euros. Engade que o importe previsto para indemnizacións non é para repartir, senón que deriva das denuncias ao goberno municipal feitas por parte do P.P. de Viveiro, e calquera que esteña nunha administración e vaian contra él hai a posibilidade de pagar a súa defensa. Considera que o P.P. de Viveiro o que quere é enredar, xa que entende que se lle dicen a un cidadán de Viveiro que a xunta de Galicia invertiu esa cantidade ríriase, e pregúntase en que se invertiu, decíndolle ao Sr. Bouza que non sexa leiteiro.

Intervén d. Jaime de Olano Vela para indicar que iso é un insulto e decir que non se pode faltar ao respecto.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que os concelleiros do P.P. usaron calificativos contra outros concelleiros, e considera que non se trata dun insulto, entendendo que houbo calificativos do grupo do P.P. e faltas de respecto importantes hacia ese concelleiro, e dalle á palabra ao grupo do P.P.

Intervén en representación do grupo municipal do P.P., D. Antonio bouza Rodil, para dicir que o seu grupo non ven ao pleno a falar de ninguén e que se alguén se deu por aludido alá él. Engade que ás súas propostas non se contestou, e que dende o mes de novembro non se dixo nada máis dos orzamentos ata agora, o que indica que o grupo de goberno non ten vontade de acordo co grupo do P.P., xa que non contestaron a ningunha das propostas, e éstas son tan boas como as dos non adscritos. As do 2015 que xa os levaran a acordo considerounas no seu momento boas, agora non dixo nada sobre elas, pero entende que tamén as do grupo do P.P. son boas, e entende que alguén cando propón algo faino entendendo que é bo. Sinala que tamén lles gustaría que os chamaran para negociar os orzamentos, que sería algo normal, e logo xa se vería se se chegaba a acordos, e entende que deben manifestar con propostas o que entenden que non está ben. Manifesta que nunca dixo que o concelleiro de facenda non facía ben o seu traballo, pero indica que outras cuestións son feitos obxectivos, certos e probados, e remata apuntando que a credibilidade hai que gañala con feitos.



Intervén D. Bernardo Fraga Galdo, concelleiro non adscrito, para pedir templanza a todos os grupos que están presentes, xa que pode haber debate sen chegar a estes extremos.

Intervén a Sra. Alcadesa para dicir que a veces se chega a acordos e outras veces non se chegará, e sinala que entende como falta de respecto que Son Viveiro entregara agora a renuncia, indicando tamén que por parte do P.P. hai puntos nos que nunca se chegará a acordos, entendendo que a xestión quen a ten que fiscalizar son os veciños.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose con 11 votos a favor, correspondentes aos concelleiros do grupo do P.S.O.E. e aos tres concelleiros non adscritos, e 5 votos en contra correspondentes aos concelleiros do grupo do P.P., as aprobación da proposta da Alcaldía, do seguinte xeito:

Primeiro.- Aprobación inicial do Orzamento Xeral ou consolidado que ascende a 13.976.664,01 € en ingresos e 13.971.327,06 € en gastos para o exercicio 2017, cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, integrado polo do propio Concello que ascende a 13.783.569,40 € en ingresos e gastos, e as previsións dos estados contables para 2017 da conta de perdas e ganancias da empresa Aparcamentos de A Mariña, S.L. que ascende a 193.094,61 € en ingresos e 187.757,66 € en gastos, có seguinte resumen:

INGRESOS

C.	DENOMINACIÓN	AYUNTAM.	APAR. DE A MARIÑA, S.L.	TRANSE. INTERNAS	CONSOLIDAC.
1º	Impuestos Directos	4.831.097,71	0		4.831.097,71
2º	Impuestos Indirectos	65.000,00	0		65.000,00
3º	Tasas y otro Ingresos	3.867.979,99	57.541,94		3.925.521,93
4º	Transferencias Corrientes	4.622.816,15	62.607,18	0,00	4.685.423,33
5º	Ingreso Patrimoniales	41.901,55	65.615,49		107.517,04
6º	Enajenación de Inversiones Reales	12.774,00	7.330,00		20.104,00
7º	Transferencias de Capital	342.000,00	0		342.000,00
8º	Activos Financieros	0	0		0,00
9º	Pasivos Financieros	0	0		0,00
TOTAL		13.783.569,40	193.094,61	0,00	13.976.664,01

GASTOS

1º	Gastos de personal	5.252.016,60	149.700,50		5.401.717,10
2º	Gastos en bienes corrientes y servicios	5.993.623,13	36.303,58		6.029.926,71
3º	Gastos Financieros	145.998,31	1.753,58		147.751,89
4º	Transferencias Corrientes	502.797,53	0	0,00	502.797,53
5º	Fondo de Continxencia e outros imprevistos	320.229,93	0		320.229,93
6º	Inversiones Reales	523.914,60	0		523.914,60
7º	Transferencia de Capital	12.576,64	0		12.576,64
8º	Activos Financieros	0	0		0,00
9º	Pasivos Financieros	1.032.412,66	0		1.032.412,66
TOTAL		13.783.569,40	187.757,66	0,00	13.971.327,06



Segundo.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento.

Terceiro.- Aprobar o cadro de persoal comprensiva de tódolos postos de traballo debidamente clasificados reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual, nos termos en que aparece no Anexo de Persoal do Orzamento. O presente Anexo de Persoal foi confeccionado a partir do Convenio Colectivo do persoal Laboral e do Acordo Marco do persoal funcionario do Concello de Viveiro vixentes.

Cuarto.- Aprobar o límite de gasto non financeiro para 2017 ascendente a 13.429.816,66 €, a masa salarial do persoal laboral do concello ascendente a 2.577.813,13 € e a da empresa Aparcamentos de A Mariña, SL de 123.007,22 €.

Quinto.- Dación de conta do Anexo de Inversións do 2017.

Sexto.- Manter as modificacións orzamentarias efectuadas no orzamento prorrogado agás as transferencias incluídas no presente orzamento.

Sétimo.- Expoñer ó público o acordo de aprobación inicial, previa inserción de anuncio no B.O.P., nos termos regulados no artigo 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de Marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e consideralo definitivamente aprobado no caso de que durante tal exposición non se formulase reclamación algunha, en caso contrario, o Pleno dispoñerá dun prazo dun mes para resolvelas.

Octavo.- Remitir copia do expediente, recaída a aprobación definitiva, ás Administracións do Estado e da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no artigo 169.4 do Real Decreto 2/2004 e artigo 15.3 da Orden FAP/2105/2012, de 1 de outubro.

**5.- ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN IMPULSADO POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO PARA A ADHESIÓN AOS EFECTOS DA POSIBLE IMPLANTACIÓN DA TAXA POLO CHAN E VOO SOBRE O DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL DAS LIÑAS DE TRANSPORTE DE ENERXÍA ELÉCTRICA E GAS.
EXPTE 4330/2017**

Vista a proposta da Alcaldía para a adhesión aos efectos da posible implantación da taxa polo chan e voo sobre o dominio público municipal das liñas de transporte de enerxía eléctrica e gas, que literalmente di:



“Visto o escrito recibido da Deputación Provincial de Lugo para a adhesión aos efectos da posible implantación da taxa polo chan e voo sobre o dominio público municipal das liñas de transporte de enerxía eléctrica e gas.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Adherirse ao convenio de colaboración impulsado pola Deputación Provincial de Lugo para a adhesión aos efectos da posible implantación da taxa polo chan e voo sobre o dominio público municipal das liñas de transporte de enerxía eléctrica e gas.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para levar a efecto todos os trámites necesarios en orde a tramitar dita adhesión.”

Resultando que este asunto foi dictaminado favorablemente pola comisión Informativa de Economía e Facenda.

Non existindo debate sobre este asunto, procédese á votación, acordándose por unanimidade dos presentes, a aprobación do acordo proposto, do seguinte xeito:

Primeiro.- Adherirse ao convenio de colaboración impulsado pola Deputación Provincial de Lugo para a adhesión aos efectos da posible implantación da taxa polo chan e voo sobre o dominio público municipal das liñas de transporte de enerxía eléctrica e gas.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa para levar a efecto todos os trámites necesarios en orde a tramitar dita adhesión.

2ª PARTE **PARTE DECLARATIVA**

1.- TOMA EN CONSIDERACIÓN DA RENUNCIA PRESENTADA POLA CONCELLEIRA D^a. SARAY BLANCO CANOURA.

Por parte da Sra. Alcaldesa dase conta do escrito de renuncia presentado pola Concelleira D^a. Saray Blanco Canoura, concelleira non adscrita, presentado neste Concello en data 26 de xuño de 2017, para a súa toma en consideración polo Pleno da Corporación.

Intervén D^a. Saray Blanco Canoura para dicir que non se vai porque queira senón por obriga profesional, xa que en Viveiro os xóvenes non poden traballar no que estudaron e teñen que marchar. Engade que seguirá aprotando o seu gran de area dende lonxe e da as grazas a todos indicando que sempre se debería pensar como e por quen se está aquí.

Intervén a Sra. Alcaldesa para dicir que lle desexan sorte.



Intervén D. Antonio Bouza Rodil para dicir que lle desexan o mellor no plano persoal e profesional.

Intervén D. Bernardo Fraga Galdo para darlle as grazas polo seu traballo e desexarlle moita sorte.

3ª PARTE: **PARTE DE CONTROL**

1.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

A Sra. Alcaldesa dá conta das Resolucións dictadas pola Alcaldía, mediante un listado resumo das memas, segundo consta no expediente, as cales estiveron á disposición dos Concelleiros coa restante documentación integrante do Pleno.

Non se producen intervencións, dándose por informado o Pleno das Resolucións dictadas pola Alcaldía.

2.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se presentaron rogos nin preguntas para o presente pleno.

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 22.00 do día 20 de xullo de 2017, extendéndose a presente acta, da que eu, como Secretaria, dou fe.

(DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE)